



Expediente: 1937/2025

Asunto: Expediente elaboración Ordenanza reguladora Do rexistro Municipal de Soares do Concello de Canga

Trámite: Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración da ordenanza municipal reguladora do rexistro municipal de soares no Concello de cangas .Consulta pública a través da páxina web do concello de cangas para recabar a opinión da cidadanía e das organizacións representativas potencialmente afectadas pola elaboración da nova ordenanza.

## DECRETO DE ALCALDÍA

O Concello de Cangas ten o propósito de elaborar unha norma reguladora do rexistro de soares, co fin de adaptarse á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia ,ó Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, Lei 1/2019, do 22 de abril e Decreto 61/2021, do 8 de abril e demais normativa de aplicación.

O artigo 105 da Constitución española establece que “A lei regulará: a) A audiencia dos cidadáns directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei, no procedemento de elaboración das disposicións administrativas que os afecten (...)”. En base a este precepto constitucional, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no seu artigo 133 regula a participación cidadá no procedemento de elaboración das normas. Así, a participación pública efectuarase pola canle dunha consulta pública a través do portal web, co fin de solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca:

- Dos problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- Da necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Dos obxectivos da norma. -

Das posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

### PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA

A falta de conservación, rehabilitación de terreos, construcións e edificios , **co fin de mantelos en condicións de seguridade, salubridade, funcionalidade e ornato público**, garantindo as condicións requiridas para a súa habitabilidade e uso efectivo

### NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN

No marco da lexislación estatal e autonómica (Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, Lei 2/2016, do 10 de febreiro, Lei 1/2019, do 22 de abril e Decreto 61/2021, do 8 de abril) preténdese adaptar a normativa ás necesidades municipais de Cangas, articulando procedementos máis áxiles para que se cumpran as obrigas de seguridade, salubridade e funcionalidade. Articular procedementos claros e simplificados, clarificar os deberes e os trámites procedementais axudará a cumprir coa conservación e rehabilitación dos terreos e edificios.

### OBXECTIVOS DA NORMA

O obxectivo da norma cuxa aprobación se pretende é Regular para o Concello de Cangas a obrigación de conservación e rehabilitación de terreos, construcións e edificios, co fin de mantelos en condicións





## Concello de Cangas

de seguridade, salubridade, funcionalidade e ornato público, garantindo as condicións requiridas para a súa habitabilidade e uso efectivo, así como as consecuencias derivadas do incumprimento de ditas obrigacións. Establecer os prazos en que as persoas propietarias de soares, de edificacións declaradas en ruína, en abandono ou inadecuadas e de construcións paralizadas deberán proceder á súa edificación, así como a regulación do contido, organización e funcionamento do libro de rexistro municipal de soares e edificios que cómpre rehabilitar. Tamén ten obxecto a determinación dos supostos legais de ruína dos inmobles.

### POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS E/OU NON REGULATORIAS

Non regular a través de Ordenanza Municipal supón non ter unha ferramenta normativa que perdue no tempo e teña en conta a realidade do Concello de Cangas . Coa normativa estatal e autonómica vixente, non se consegue de xeito máis eficaz a conservación, rehabilitación de terreos, construcións e edificios.

No que afecta ao rexistro de soares serán os Concellos os encargado de crealo. A ordenanza municipal é unha disposición de carácter reglamentario que garante a súa creación e organización

Polo exposto, de conformidade co previsto no art. 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, Concello de Cangas

### DISPOÑO:

PRIMEIRO. Que se publique no portal web do Concello de Cangas e no taboleiro da Sede Electrónica, a consulta pública para recadar a opinión da cidadanía e das organizacións representativas potencialmente afectadas pola elaboración da nova ordenanza do Rexistro de Soares, para que durante un prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á súa publicación, os suxeitos e as organizacións máis representativas poidan presentar suxestións ou opinións ao respecto, entre outras, sobre os problemas que o regulamento trata de solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, ou no seu caso as posibles solucións alternativas.

SEGUNDO. Que tras a finalización do prazo de consulta pública se continúe coa tramitación do expediente.

Cangas, a Sra. Alcaldesa, Araceli Gestido Rodríguez

Documento asinado dixitalmente á marxe.

